



## Acta de reunión

Órgano convocado	XEFATURA DE DEPARTAMENTO						
Lugar de reunión	LABORATORIO DO DEPARTAMENTO DE MADEIRA			Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	08	Data	28/11/2018	Hora inicio	17:00	Hora remate	18:30
Moderador/a	VICTORIANO TOMÉ CASTRO						
Secretario/a							
Propósito	Xuntanza de departamento						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Victoriano Tomé Castro</li> <li>▪ María Luz Lorenzo Crespo</li> <li>▪ Isidoro Dios Rodiño</li> <li>▪ José Manuel Míguez Santos</li> <li>▪ José Manuel del Valle Couto</li> <li>▪ Gumersindo Couso Boullosa</li> <li>▪ José Jorge Alvariñas Villaverde</li> <li>▪ Vicente Cortizo Blanco</li> <li>▪ María Jesús Brañas Porto</li> <li>▪ Juan Carlos Garrido Álvarez</li> <li>▪ Juan Luis López Dasilva</li> </ul>						

### Temas tratados

#### 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Enviouse por correo electrónico o borrador da acta número 7, ninguén se opón o contido da acta e apróbase por unanimidade.

#### 2. Informe do xefe de departamento.

O Xefe de departamento transmite información relativa a diferentes aspectos:

##### Bancos taller novo

Os alumnos retiraron os bancos asignados no sorteo.

##### Equipos informáticos

No último mes reparáronse varios ordenadores. Non se reparou a impresora do laboratorio porque o mércores cando viu o técnico a aula estaba ocupada. Pídese o profesorado que colabore o máximo posible a hora de facilitar a labor do técnico, xa que cada vez que ten que vir é un gasto para o departamento. En referencia a este tema debido o elevado gasto en mantemento de equipos se vai a proceder acumular incidencias nos ordenadores dos alumnos para evitar múltiples desprazamentos do técnico.





### **Maquinaria do taller**

Apareceu rota a carcasa do trade vertical de formón oco do taller 01. Substituír esta peza vai significar un custo elevado, máis tendo en conta que xa se rompeu o ano pasado por un mal uso.

José Manuel Míguez Santos pide a palabra para dicir que esa máquina estaba perfectamente o venres a última hora da mañá e que o luns a primeira hora apareceu quebrada.

José Jorge Alvariñas Villaverde comenta que seguramente foron os seus alumnos que colocaron mal unha peza e apertaron demais.

Rógase o profesorado que controle o adecuado uso da maquinaria por parte do alumnado.

### **Instalacións**

Cambiáronse as luminarias da Aula HM1

### **Xornadas técnicas de serrado**

O coordinador das xornadas propuxo que as xornadas técnicas de serrado foran realizadas na escola de forestais. Estaba previsto que os alumnos realizaran unha ACF asistindo a parte das xornadas, pero dado que se informou sobre as mesmas apenas 5 días antes da realización foi imposible xestionar a ACF conforme especifica o sistema de xestión de calidade.

### **Acreditacións**

Ofertáronse 200 prazas para as unidades de competencia. A xefa do departamento de acreditacións necesita que un membro de cada departamento forme parte da comisión de revisión de documentación. José Manuel Del Valle Couto ofrécese voluntario para formar parte desta comisión.

### **Cupo profesorado para o curso 2019-20**

O XD comenta que a xefatura de estudos solicitou unha relación de profesorado que o departamento considera necesario para o curso 2019-20 (profesorado que non ten destino no centro). A relación que se vai a transmitir a xefatura de estudos e de 4 profesores de secundaria e 2 profesores técnicos.

### **3. Seguimento das programacións.**

O xefe departamento pregunta os profesores se están cumprindo a programación segundo o programado. Todos os profesores contestan afirmativamente.

### **4. Traballos realizados polo alumnado.**

Un dos acordos do departamento e debater sobre que se fai cos traballos realizados polo alumnado unha vez finalizado o curso escolar. Despois de debater aspectos relativos a os posibles beneficios de distintas situacións acórdase que o alumnado poida levar os exercicios de taller que non sexan mobles ou mobiliario e que o destino do mobiliario sexa acordado polo departamento.







## 5. Solicitudes novos ciclos e promoción oferta educativa.

O XD intervén para comentar que un dos obxectivos do departamento é a solicitude de novos ciclos formativos. É necesario ir posicionando as inquietudes dos membros do departamento en referencia a oferta educativa que consideramos necesaria. Tamén precisamos facer promoción da familia profesional de madeira e moble no entorno socioeconómico. Se abre un pequeno debate sobre estes temas, chegando os seguintes acordos:

- Asistir a Edugal como departamento. Responsable: Juan Carlos Garrido Álvarez.

## 6. Seguimento dos acordos adoptados e dos obxectivos do departamento.

Se amosa a táboa de acordos adoptados e a situación de cada un deles. Ningún profesor pon obxeccións a táboa mostrada e o nivel de cumprimento.

Se amosa a táboa dos obxectivos do departamento e o nivel de cumprimento. Ningún profesor pon obxeccións a táboa mostrada e o nivel de cumprimento.

## 7. Rolda de intervencións.

Isidoro Dios Rodiño comenta que non está de acordo en que o alumnado do ciclo superior utilice ferramenta do departamento, mentres que no resto dos ciclos o alumnado ten que comprar a súa propia ferramenta, considera isto un trato discriminatorio. Respecto a este tema o XD de departamento comenta que se acordou nunha reunión de departamento que dado que o alumnado do ciclo superior so teñen 7 horas de taller se lle facilitaríaa ferramenta necesaria.

Isidoro Dios Rodiño comenta que falta espazo para dar correctamente os módulos de acabado (lixado de pezas), expón a posibilidade de reaxustar os espazos das zonas contiguas a cabina de vernizado incluíndo a posibilidade de pechar un espazo como zona de lixado.

Ás 18:00 horas remata a reunión e levántase sesión.

## Acordos


- Acórdase que José Manuel Del Valle Couto forme parte da comisión de revisión de documentación de Acreditacións. Responsable: José Manuel Del Valle Couto.
- Acórdase que o alumnado poida levar os exercicios de taller que non sexan mobles ou mobiliario e que o destino do mobiliario sexa acordado polo departamento. Responsables: profesorado do departamento.
- Asistir a Edugal como departamento. Responsable: Juan Carlos Garrido Álvarez.

## Anexos

Non hai



Visto e prace moderador



Victoriano Tomé Castro

